

## **ANUNCIO**

Resolución da Alcaldía-Presidencia do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, recaída no expediente para cubrir en propiedade unha praza de **ARQUITECTO**, vacante no cadro de persoal funcionario, no marco do proceso de consolidación de emprego temporal, convocada mediante anuncio no BOE nº 254 de data 24.10.2006.

No BOP nº 243 de data 21.12.2006 publicouse a Resolución recaída no citado expediente pola que se aproba a lista de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo convocado.

Transcurrido o prazo de dez días hábiles concedidos para presentar reclamacións,

Esta Alcaldía-Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa legal vixente,

### **RESOLVE:**

1. Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, designar os membros que integran o tribunal de selección, e determinar as datas en que terá lugar a constitución do tribunal, a valoración de méritos da fase de concurso e a data de celebración do primeiro exercicio.

### **Lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos:**

Elévase a definitiva a lista de aspirantes admitidos e excluídos publicada no BOP nº 243 de 21.12.2006, ao non existir reclamación contra a mesma.

### **Tribunal cualificador:**

Presidente:

Titular: D. Joaquín Javier Gago López, Alcalde-Presidente. Suplente: D. Manuel Rodríguez Cuervo.

Secretario:

Titular: D. Víctor de Manuel de Castro Conde, Técnico de Administración Xeral. Suplente: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Lorenzo López.

Vogais:

Titular: D. Luis Herrera Rodríguez, e/r. da Comunidade Autónoma. Suplente: D. Germán Sarmiento Peña.

Titular: D. Eugenio Jiménez Passolas, Arquitecto Municipal. Suplente: D<sup>a</sup> Carolina Costoya Pardo.

Titular: D<sup>a</sup> Elena Paz Bugallo, e/r. da Xunta de Persoal. Suplente: D. Juan Luis Núñez Tourís.

Titular: D. Alfredo Díaz Grande, e/r. do Colexio Oficial de Arquitecto de Galicia. Suplente: José Luis Pichel Fernández.

Titular: D. Francisco J. de la Barrera Varela, concelleiro, en substitución da Concelleira de Persoal. Suplente: D<sup>a</sup> Victoria Hierro Lorenzo.

Titular: D<sup>a</sup> Victoria Hierro Lorenzo, concelleira do PSdeG-PSOE e/r. do grupo de goberno. Suplente: D. Francisco J. de la Barrera Varela.

Titular: D. Tomás Fole Díaz, concelleiro do P.P., e/r. dos restantes grupos municipais. Suplente: D. Jesús María Diéguez Pazos, concelleiro do IVIL.

**Constitución tribunal e data fase de concurso:**

Este tribunal constituirase e levará a cabo a fase de concurso, o día 29 de maio de 2007, ás 17:00 horas, na Casa do Concello (Praza Ravella, 1).

**Data inicio fase de oposición:**

O primeiro exercicio da oposición, para tódolos aspirantes admitidos, terá lugar o día 31 de maio de 2007, ás 17:00 horas, na Casa do Concello (Praza Ravella,1).

2. Proceder á publicación da presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos deste Concello.

Contra esta resolución aprobatoria da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, os aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo máximo dun mes a partir do día seguinte da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses a partir do seguinte ao da publicación desta Resolución no Boletín oficial da provincia (base VI. d, das xerais da convocatoria).

Asemade os aspirantes disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir da publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia para recusar aos membros do Tribunal por algún dos motivos sinalados no artº 28-2 da Lei 30/1992 do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, sen prexuízo de que tamén poidan promover a recusación en calquera momento da tramitación do procedemnto (base VII. d, das xerais da convocatoria).

O que se fai público para xeral coñecemento aos efectos previstos nas bases da convocatoria con carácter xeral.

Vilagarcía de Arousa, 2 de maio de 2007.

O Alcalde

Asdo/ Joaquín Javier Gago López